



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 27.03.2023

Celebración do Pleno ordinario sendo ás 20:00 horas do día 27 de marzo de 2023 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D^a. Ana María Vecino Santiago

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

Concelleiros/as non adscritos/as

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. Raquel Fondo Pérez

D. Jesús Daniel García Cotelo

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

D. Marco Antonio Varela Vidal

D^a. Ana Pérez Imia

D. Miguel Ángel González Gómez

SECRETARIA : D^a ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican de seguido.

PARTE RESOLUTIVA

1º. Aprobación “ope legis” da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria do 13-02-2023

O Sr. Alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere realizar algunha observación.

Ao non formularse observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2023.

2. Expediente 2023/G006/000004- CONVENIO CESIÓN GRATUÍTA DE PARCELA NO P.E DE TELLA A SOGAMA.

Por parte do Sr. Alcalde dase a palabra a Secretaria que procede a leer a proposta de alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de 22.03.2023, que no seu literal di:

“PROPOSTA DE ACORDO

ACORDO DE CESIÓN DE USO DE TERREOS ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS

A sociedade SOGAMA, empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, sendo unha sociedade instrumental operativa ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta de Galicia en xeral, solicita licenza de obras e de actividade para “Ampliación dunha Planta de Transferencia de Residuos Sólidos Urbanos” que se pretende ubicar no Parque Empresarial de Tella, onde hoxe está o Punto Limpo do Pol. Industrial de Tella, e a cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 11NM06800031, denominada “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m², na cal existe unha superficie construída de 345 m², valor catastral de 18.866,70 € en 2019, adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

A cesión da parcela a unha unha sociedade instrumental operativa ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta de Galicia en xeral, a cal ten a condición de ben demanial, afecto a servizo público, non implica a desafectación do ben para lograr a cualificación de ben patrimonial, a translación da titularidade do ben en cuestión levará consigo que seguirá sendo un ben demanial de servizo público, tanto a xurisprudencia como as Leis de aplicación, neste caso Lei 33/2003 do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, como a Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, definen a translación de titularidade como “mutación demanial”.

Non existe regulación exhaustiva da mutación demanial na lexislación estatal de réxime local; nin na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), nin no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), nin no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), deberase recorrer á lexislación galega de aplicación, Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia a cal tampouco desenvolve un procedemento aplicable ás entidades locais, ao igual que a Lei 33/2003, LPAP.

A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia, regula sistematicamente o patrimonio da Comunidade Autónoma galega. Con todo, na súa Disposición adicional segunda decláranse de aplicación á Administración local o disposto nos artigos 17, 25 e 29 da mesma. O seu artigo 23, define a mutación demanial.

Pola providencia da alcaldía de data 23-02-2023 iniciouse o expediente de cesión, emitindo na mesma data o informe de secretaría sobre o procedemento a seguir, ao cal será de aplicación o artigo 110 do Regulamento de Bens, o cal se aplica por analogía, ao non existir procedemento establecido no dito Regulamento para a cesión de bens demaniais.

O expediente a instruír deberá cumprir os requisitos esixidos no art. 110 RB:

- Que xustifique a necesidade e oportunidade.
- Que incorpore informes técnicos xustificativos do súa cualificación e usos acordes co PXOM vixente, nota rexistral (de estar rexistrado) e inscrición no Inventario Municipal, xustificativos de que o ben está depurado física e xuridicamente.
- Que se someta á información pública polo prazo non inferior a quince días.
- Que inclúa un borrador de convenio que se aprobe polo Pleno, con maioría cualificada, e que faculte ao Alcalde á súa sinatura.
- Que se remita o acordo á Administración que recibe o ben, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, dependente da Xunta de Galicia.
- Que se asine o convenio polas dúas partes e se redacte acta de entrega e aceptación do ben.
- Que se inscriba no rexistro da propiedade e se publique nos correspondentes portais de transparencia.

O convenio de cesión gratuita extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Este requirimento será comunicado á Comisión Mixta. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase finalizado o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

O Convenio terá natureza administrativa e rexerese polo establecido no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Para resolver as dúbidas e



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

lagoas que puidesen suscitarse na súa aplicación estarase aos principios de Dereito Administrativo, así como, en defecto dos anteriores, aos xerais do dereito común.

Para o non previsto no Convenio, será de aplicación a normativa vixente en cada momento. Para a resolución de calquera cuestións litixiosas que se orixinen en relación co Convenio, e que non puidesen resolverse de forma amigable no seo da Comisión na que estarán representadas as Partes. As Partes someteranse á competencia dos tribunais contencioso-administrativos da Coruña.

Incorporados ao expediente os informes preceptivos da secretaría de data 23-02-2023, memoria da alcaldía, certificado de inscrición no Inventario Municipal e certificación catastral de data 24-02-2023, informe técnico de data 27-02-2023, publicación de anuncio de exposición pública no BOP núm. 41 de 01-03-2023 e na sede electrónica municipal, así como o borrador do convenio a subscribir entre o Concello de Ponteceso e Sogama, o expediente encóntrase completo, polo que se debe someter ao previo ditame da Comisión Informativa e á aprobación do Pleno do Concello.

Por todo o anterior, elevo a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Acordar a cesión gratuíta por mutación demanial subxectiva do ben denominado “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m2, na cal existe unha superficie construída de 345 m2, valor catastral de 18.866,70 € en 2019 , adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”, o cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 1INM06800031”, por cambio da Administración titular do ben, deste Concello de Ponteceso á sociedade SOGAMA, empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a cal é unha sociedade instrumental operativa ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta de Galicia en xeral,

Segundo.- Autorizar a transmisión da titularidade a Sogama do ben “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m2, na cal existe unha superficie construída de 345 m2, valor catastral de 18.866,70 € en 2019 , adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”, o cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 1INM06800031” e reflectir no Inventario Municipal a dita transmisión.

Terceiro.- Aprobar o borrador do convenio a subscribir entre o Concello de Ponteceso e Sogama para a cesión gratuíta, mutación demanial, do ben municipal de dominio público e servizo público coa referencia catastral 15069A174020240000LQ, número Inventario 1INM06800031, o cal é do seguinte teor literal:

**“ACORDO DE CESIÓN DE USO DE TERREOS ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA
DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS**

En Ponteceso, a de de 2023 comparecen:

Dunha parte, **Don Xosé Lois García Carballido**, con DNI nº 32.726.607A, na súa condición de **Alcalde-Presidente do Concello de Ponteceso (A Coruña)** con CIF P1506900H e domicilio en Ponteceso (A



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Coruña), Rúa Concello, 18, C.P. 15110, actuando en representación do concello de conformidade co establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, asistido da secretaria municipal que da fe do acto, en cumprimento do establecido no artigo 3.2.i) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35311596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente acordo de cesión de terreos, e na súa virtude

EXPOÑEN

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25.1.a) da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.
2. O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.
3. Que dende o ano 2005, en dito Concello, está en funcionamento baixo titularidade municipal un punto limpo no que se integra unha Microplanta de transferencia de residuos, habéndose subscrito entre as partes un convenio de colaboración de data 23 de febreiro de 2005, por medio do cal se regulan as condicións básicas para a colaboración e cooperación técnica entre as partes.
4. Que a vocación de servizo público de ambas partes, unida a utilidade pública recoñecida pola Lei as instalacións de xestión de residuos urbanos, fan que se tome en consideración a necesidade de instalar unha planta de transferencia que substitúa a microplanta actual, e que, independente do punto limpo, sexa integramente xestionada por Sogama. Deste xeito, resolveranse os problemas puntuais de capacidade ou atascos dos autocompactadores, o que significa unha importante mellora no servizo de xestión dos residuos para todos os Concellos usuarios das instalacións.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

5. *Que para acadar dito fin, faise precisa a disposicións de terreos para a nova instalación, coas características físicas e técnicas necesarias, así como os servizos de saneamento, subministrados e cualificación urbanística axeitada, sendo a parcela coa referencia catastral 15069A174020240000LQ, número do inventario municipal 11NM06800031, de superficie 5030 m², a mais axeitada ao dispor de todos os servizos necesarios e estar ubicada nela na actualidade o punto limpo e a microplanta de transferencia. Dita parcela se porá a disposición de Sogama libre de cargas e gravames e cos usos urbanísticos e servizos necesarios para a execución das obras, da nova instalación da planta de transferencia de residuos urbanos, que de servizo ao Concello de Ponteceso e os demais Concellos usuarios da actual instalación da microplanta.*

6. *Que no afán de colaboración entre administracións e entidades do sector público, o Concello de Ponteceso dispón dos terreos necesarios e adecuados a finalidade perseguida, para a construción e xestión por parte de Sogama da nova instalación de transferencia.*

Polo exposto, as partes acordan a sinatura do presente acordo de cesión de uso de terreos conforme coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- *O Concello de Ponteceso, vista a utilidade pública declarada na Lei para a instalacións de xestión de residuos, cede a Sogama a parcela con referencia catastral 15069A174020240000LQ, número do inventario municipal 11NM06800031, de superficie 5030 m². Dita parcela porase a disposición de Sogama libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos e servizos necesarios para a execución das obras, da nova instalación da planta de transferencia de residuos urbanos, que de servizo ao Concello e os demais Concellos usuarios da actual instalación da microplanta.*

A parcela obxecto da cesión está afecta como punto limpo ao servizo de tratamento de residuos como punto limpo e centro de transferencia de residuos urbanos á precitada Sociedade Galega de Medioambiente, Sogama. O servizo de transferencia de residuos despois da ampliación e construción da nova planta de transferencia, será prestado baixo a titularidade de Sogama, mentres que o punto limpo seguirá sendo de titularidade e competencia municipal. En todo caso os terreos manterán a súa condición de ben demanial, polo que non será precisa a desafectación ao continuarse prestando o mesmo servizo todo ilo consonte á Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e Lei 33/2003 do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e considerado o servizo de tratamento de residuos como servizo obrigatorio a prestar por todos os concellos polo artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, mudando só a titularidade.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

En relación á xestión da planta de transferencia a construír, é compromiso das partes asinantes manter os termos da colaboración e cooperación técnica segundo o convenio asinado o 23 de febreiro de 2005. En consecuencia, a sinatura do presente convenio no suporá modificación algunha no réxime de xestión das citadas instalacións e, polo tanto, nos gastos que corresponde asumir a cada parte.

Segunda.- *A cesión dos terreos será exclusivamente para o fin da construción e xestión da citada instalación de transferencia de residuos urbanos, revertendo a mesma ao Concello unha vez terminada a utilización para tal fin, calquera das partes asinantes poderá elevar a público este documento, e deberase inscribir no rexistro da propiedade o cambio da titularidade, as cargas ou gravames sobre a parcela que por medio deste documento se constitúen, sendo os gastos por conta de Sogama. Unha vez perfeccionado o convenio coa súa sinatura polas dúas partes realizarase a acta de entrega e recepción, incorporándose a mesma ao seu expediente.*

Terceira.- *Para a execución das instalacións, Sogama deberá presentar o proxecto de execución das instalacións para a tramitación das preceptivas licenzas de construción e actividade, aboando as taxas e impostos que sexan de aplicación de conformidade co as ordenanzas fiscais en vigor no Concello de Pontevedra. O Concello comprométese a prestar a maior dilixencia na tramitación dos permisos e licenzas coa finalidade de que as obras se executen e o comezo da xestión das novas instalacións se realice o antes posible.*

Cuarta. *O presente acordo de cesión terá vixencia indefinida en tanto se manteña a actividade de transferencia de residuos urbanos para a que foron postos a disposición de Sogama os mesmos.*

Quinta.- *O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución as seguintes:*

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.*
- 2. O acordo unánime dos asinantes.*
- 3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Este requisito será comunicado á Comisión Mixta. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase finalizado o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- 5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Sexta.- Constitúese unha comisión mixta de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante do Concello de Ponteceso e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñe-las modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función
3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

Sétima.- O Convenio terá natureza administrativa e rexerese polo establecido no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen suscitarse na súa aplicación estarase aos principios de dereito Administrativo, así como, en defecto dos anteriores, aos xerais do dereito común.

Para o non previsto no Convenio, será de aplicación a normativa vixente en cada momento. Para a resolución de calquera cuestión litixiosa que se orixine en relación co Convenio, e que non puidesen resolverse de forma amigable no seo da Comisión Mixta, as partes someteranse á competencia dos tribunais contencioso-administrativos da Coruña.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento en Ponteceso, en duplicado exemplar.

POR SOGAMA

POLO CONCELLO DE PONTECESO

Javier Domínguez Lino

Xosé Lois García Carballido



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Documento asinado electronicamente, diante miña, dou fe, aos efectos do establecido no artigo 3.2.i) do RD 128/2018, de 18 de marzo:

A secretaria titular”

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do Convenio e cuantos documentos sexan necesarios a fin de dar cumprimento a este acordo.

Quinto.- Inscribir o cambio de titularidade no Rexistro da Propiedade e publicar nos correspondentes portais de transparencia.”

Toma a palabra a presidencia que empeza dicindo que para a construción da planta de transferencia por parte de SOGAMA , que vai posibilitar xestionar o contedor marrón dende Tella, dando servizo a Ponteceso, Malpica, Caban e Laxe, SOGAMA necesitaba ampliar a súas instalacións e necesitaban ese terreo. Na reunión mantida co seu presidente ofrecían 150.000 para unha actuación relacionada co medio ambiente (abasatecemento). Neste sentido a primeira fase do abastecemento de Langueirón fíxose con cargo a un POS , pero máis da outra metade está sen executar, polo que esos 150.000 poden adicarse a esta obra, aportando o Concello o resto.

O acordo require maioría absoluta.

Por parte do Partido Popular, a voceira Sra Carrillo Aguiar indica que sempre está a criticarse que non existe aportación ou colaboración por parte da Xunta, e isto é un claro exemplo de colaboración por parte da Xunta.

Por parte do voceiro de APIN, Sr Pose Verdes, indica que o seu voto vai ser a favor, pero recórdalle que non hai nin un mes que o Sr Alcalde estaba disposto a ceder terreos para o instituto ou creación dunha residencia de terceira idade, sen embargo esta competencia e plenaria como se está vendo neste expediente.

O concelleiro Non adscrito , Sr Santiago Lema, no uso da palabra , indica que non vai votar en contra de ningunha obra , pero matiza que non sabe se neste caso se falou con todos o veciños de Tella, e debería facerse para causar o menor impacto posible.

Non sendo necesaria unha segunda rolda de intervencións, procédese á votación, acadando o seguinte resultado.

Votos a favor: 10 , unanimidade dos presentes, polo que queda aprobado o ditame que no seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ACORDO



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Primeiro.- Acordar a cesión gratuíta por mutación demanial subxectiva do ben denominado “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m2, na cal existe unha superficie construída de 345 m2, valor catastral de 18.866,70 € en 2019 , adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”, o cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 11NM06800031”, por cambio da Administración titular do ben, deste Concello de Ponteceso á sociedade SOGAMA, empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a cal é unha sociedade instrumental operativa ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta de Galicia en xeral,

Segundo.- Autorizar a transmisión da titularidade a Sogama do ben “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m2, na cal existe unha superficie construída de 345 m2, valor catastral de 18.866,70 € en 2019 , adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”, o cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 11NM06800031” e reflectir no Inventario Municipal a dita transmisión.

Terceiro.- Aprobar o borrador do convenio a subscribir entre o Concello de Ponteceso e Sogama para a cesión gratuíta, mutación demanial, do ben municipal de dominio público e servizo público coa referencia catastral 15069A174020240000LQ, número Inventario 11NM06800031, o cal é do seguinte teor literal:

**“ACORDO DE CESIÓN DE USO DE TERREOS ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA
DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS**

En Ponteceso, a de de 2023 comparecen:

Dunha parte, **Don Xosé Lois García Carballido**, con DNI nº 32.726.607A, **na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Ponteceso** (A Coruña) con CIF P1506900H e domicilio en Ponteceso (A Coruña), Rúa Concello, 18, C.P. 15110, actuando en representación do concello de conformidade co establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, asistido da secretaria municipal que da fe do acto, en cumprimento do establecido no artigo 3.2.i) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35311596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente acordo de cesión de terreos, e na súa virtude

EXPOÑEN

7. *Que, ao abeiro do establecido no artigo 25.1.a) da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.*

8. *O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.*

9. *Que dende o ano 2005, en dito Concello, está en funcionamento baixo titularidade municipal un punto limpo no que se integra unha Microplanta de transferencia de residuos, habéndose subscrito entre as partes un convenio de colaboración de data 23 de febreiro de 2005, por medio do cal se regulan as condicións básicas para a colaboración e cooperación técnica entre as partes.*

10. *Que a vocación de servizo público de ambas partes, unida a utilidade pública recoñecida pola Lei as instalacións de xestión de residuos urbanos, fan que se tome en consideración a necesidade de instalar unha planta de transferencia que substitúa a microplanta actual, e que, independente do punto limpo, sexa integramente xestionada por Sogama. Deste xeito, resolveranse os problemas puntuais de capacidade ou atascos dos autocompactadores, o que significa unha importante mellora no servizo de xestión dos residuos para todos os Concellos usuarios das instalacións.*

11. *Que para acadar dito fin, faise precisa a disposicións de terreos para a nova instalación, coas características físicas e técnicas necesarias, así como os servizos de saneamento, subministros e cualificación urbanística axeitada, sendo a parcela coa referencia catastral 15069A174020240000LQ, número do inventario municipal 11NM06800031, de superficie 5030 m², a mais axeitada ao dispor de todos os servizos necesarios e estar ubicada nela na actualidade o punto limpo e a microplanta de transferencia. Dita parcela se porá a disposición de Sogama libre de cargas e gravames e cos usos urbanísticos e servizos necesarios para a execución das obras, da nova instalación da planta de transferencia de residuos urbanos, que de servizo ao Concello de Ponteceso e os demais Concellos usuarios da actual instalación da microplanta.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

12. *Que no afán de colaboración entre administracións e entidades do sector público, o Concello de Ponteceso dispón dos terreos necesarios e adecuados a finalidade perseguida, para a construción e xestión por parte de Sogama da nova instalación de transferencia.*

Polo exposto, as partes acordan a sinatura do presente acordo de cesión de uso de terreos conforme coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- *O Concello de Ponteceso, vista a utilidade pública declarada na Lei para a instalacións de xestión de residuos, cede a Sogama a parcela con referencia catastral 15069A174020240000LQ, número do inventario municipal 11NM06800031, de superficie 5030 m2. Dita parcela porase a disposición de Sogama libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos e servizos necesarios para a execución das obras, da nova instalación da planta de transferencia de residuos urbanos, que de servizo ao Concello e os demais Concellos usuarios da actual instalación da microplanta.*

A parcela obxecto da cesión está afecta como punto limpo ao servizo de tratamento de residuos como punto limpo e centro de transferencia de residuos urbanos á precitada Sociedade Galega de Medioambiente, Sogama. O servizo de transferencia de residuos despois da ampliación e construción da nova planta de transferencia, será prestado baixo a titularidade de Sogama, mentres que o punto limpo seguirá sendo de titularidade e competencia municipal. En todo caso os terreos manterán a súa condición de ben demanial, polo que non será precisa a desafectación ao continuarse prestando o mesmo servizo todo ilo consonte á Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e Lei 33/2003 do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e considerado o servizo de tratamento de residuos como servizo obrigatorio a prestar por todos os concellos polo artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, mudando só a titularidade.

En relación á xestión da planta de transferencia a construír, é compromiso das partes asinantes manter os termos da colaboración e cooperación técnica segundo o convenio asinado o 23 de febreiro de 2005. En consecuencia, a sinatura do presente convenio no suporá modificación algunha no réxime de xestión das citadas instalacións e, polo tanto, nos gastos que corresponde asumir a cada parte.

Segunda.- *A cesión dos terreos será exclusivamente para o fin da construción e xestión da citada instalación de transferencia de residuos urbanos, revertendo a mesma ao Concello unha vez terminada a utilización para tal fin, calquera das partes asinantes poderá elevar a público este documento, e deberase inscribir no rexistro da propiedade o cambio da titularidade, as cargas ou gravames sobre a*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

parcela que por medio deste documento se constitúen, sendo os gastos por conta de Sogama. Unha vez perfeccionado o convenio coa súa sinatura polas dúas partes realizarase a acta de entrega e recepción, incorporándose a mesma ao seu expediente.

Terceira.- *Para a execución das instalacións, Sogama deberá presentar o proxecto de execución das instalacións para a tramitación das preceptivas licenzas de construción e actividade, aboando as taxas e impostos que sexan de aplicación de conformidade co as ordenanzas fiscais en vigor no Concello de Ponteceso. O Concello comprométese a prestar a maior dilixencia na tramitación dos permisos e licenzas coa finalidade de que as obras se executen e o comezo da xestión das novas instalacións se realice o antes posible.*

Cuarta. *O presente acordo de cesión terá vixencia indefinida en tanto se manteña a actividade de transferencia de residuos urbanos para a que foron postos a disposición de Sogama os mesmos.*

Quinta.- *O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución as seguintes:*

6. *O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.*
7. *O acordo unánime dos asinantes.*
8. *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Este requisito será comunicado á Comisión Mixta. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase finalizado o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.*
9. *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
10. *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.*

Sexta.- *Constitúese unha comisión mixta de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante do Concello de Ponteceso e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade.*

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. *Estudar e propoñe-las modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas*
2. *Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función*
3. *Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.*

Sétima.- *O Convenio terá natureza administrativa e rexerese polo establecido no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen suscitarse na súa aplicación estarase aos principios de dereito Administrativo, así como, en defecto dos anteriores, aos xerais do dereito común.*

Para o non previsto no Convenio, será de aplicación a normativa vixente en cada momento. Para a resolución de calquera cuestión litixiosa que se orixine en relación co Convenio, e que non puidesen resolverse de forma amigable no seo da Comisión Mixta, as partes someteranse á competencia dos tribunais contencioso-administrativos da Coruña.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento en Pontevedra, en duplicado exemplar.

POR SOGAMA

POLO CONCELLO DE PONTECESO

Javier Domínguez Lino

Xosé Lois García Carballido

Documento asinado electronicamente, diante miña, dou fe, aos efectos do establecido no artigo 3.2.i) do RD 128/2018, de 18 de marzo:

A secretaria titular”

Cuarto.- *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do Convenio e cuantos documentos sexan necesarios a fin de dar cumprimento a este acordo.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Quinto.- *Inscribir o cambio de titularidade no Rexistro da Propiedade e publicar nos correspondentes portais de transparencia”*

3. Expediente 2023/G006/000003- ORDENANZA REGULADA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Por parte do Sr Alcalde dase a palabra a Sra. Secretaria, que procede a lectura da proposta de alcaldía ditaminada favorablemente na comisión informativa de asuntos xerais o 22.03.2023:

“PROPOSTA ACORDO

ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Pleno do Concello de Ponteceso acordou aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso na sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2012, ao non presentarse reclamacións, elevouse a definitivo o acordo e publicouse no BOP núm. 22 de 31-01-2013.

A potestade regulamentaria dos municipios está expresamente recoñecida no art. 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e no artigo 6 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia.

Por mor do establecido nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, faise necesario proceder á tramitación e aprobación dunha nova Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso que derogue a vixente, así a Deputación Provincial elaborou un modelo de aplicación a tódolos concellos da provincia, ao ser o organismo que nos ven a prestar a asistencia precisa para o desenvolvemento da administración electrónica.

A presente Ordenanza ten como obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa do Concello de Ponteceso e cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Para ese efecto, esta Ordenanza regula as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

Ditouse a providencia da alcaldía de data 3 de marzo de 2023 na que se dispuxo que polo técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, co carácter urxente se proceda a



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

tramitación dun proxecto de ordenanza reguladora da administración electrónica, así no seu cumprimento elaborouse a memoria, o borrador da ordenanza, someteuse a información pública e na data de 14-03-2023 a secretaría emitiu o seu informe.

Polo que estando completo o expediente deberase someter á aprobación do Pleno, e así se eleva a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados durante un prazo de 30 días hábiles para que poidan examinalo e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. A práctica do trámite de información pública e audiencia realizarase mediante a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios físico do Concello, no taboleiro da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia e rematado o prazo, no caso de reclamacións e suxerencias, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as alegacións presentadas e aprobarase o texto definitivo da Ordenanza, e no suposto de non presentarse elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación. A súa entrada en vigor producirase trala publicación íntegra do texto da Ordenanza no BOP e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da LRBRL e derrogará a anterior ordenanza en vigor, aprobada polo Pleno na sesión de 26 de novembro de 2012.”

O Sr Alcalde da a palabra á Sra Secretaria que indica que esta ordenanza é necesaria para a adaptar a ordenanza de administración electrónica do 2012 ás Leis 39/2015 e 40/2015. Así mesmo é impulsada pola Deputación da Coruña dado que é esta organización que presta a asistencia en materia da administración electrónica a través do xestor de expedientes TEDEC.

Polo voceiro de APIN pregúntase, no seu turno da palabra, pregúntase se non está nada retocada ao que a Sra . Secretaria responde que é unha ordenanza tipo adaptada ao Concello de Ponteceso.

Finalizado o debate sométese a votación,acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (3 do PSOE, 2 do PP e 1 de APIN)

Votos en contra:-----

Abstencións:4 N.A (D^a Raquel Fondo Pérez, D Faustino Santiago Lema, D Salvador Eiroa Ameijenda D Jesús Daniel García Cotelo)

Polo que o pleno acorda:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados durante un prazo de 30 días hábiles para que poidan examinalo e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. A práctica do trámite de información pública e audiencia realizarase mediante a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios físico do Concello, no taboleiro da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia e rematado o prazo, no caso de reclamacións e suxerencias, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as alegacións presentadas e aprobarase o texto definitivo da Ordenanza, e no suposto de non presentarse elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación. A súa entrada en vigor producirase trala publicación íntegra do texto da Ordenanza no BOP e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da LRBRL e derrogará a anterior ordenanza en vigor, aprobada polo Pleno na sesión de 26 de novembro de 2012

4. Expediente 2023/G006/000002- Renovación do convenio do parque do megalitismo

PROPOSTA DE ACORDO

Na data de 28-05-2018 o Pleno do concello acordou a aprobación do Convenio “Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte”, asinado polas partes o 18 de setembro de 2018, entrea a Deputación da Coruña e os Concellos de Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas. Neste novo convenio incorpórase o Concello de Coristanco, a súa duración, consonte ao artigo 49.h.1º da Lei do réxime xurídico do sector público, será de catro anos e constitúe a prórroga do anterior convenio, número 62/2018.

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rigidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

A Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

*Os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regularán mediante un convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**,*

O convenio fórmase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Logo de ver o texto do borrador do Convenio, a memoria e os informes favorables da Secretaría e Intervención de data 02-02-2023, e considerando que a competencia para a súa aprobación corresponde ao Pleno, elevo a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o borrador do “CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE DA LARACHA, CABANA DE BERGANTIÑOS, CARBALLO,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CORISTANCO, DUMBRÍA, LAXE, MALPICA DE BERGANTIÑOS, MAZARICOS, PONTECESO, VIMIANZO E ZAS, PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO NA COSTE DE MORTE”, sendo do seguinte teor literal:

“Na cidade da Coruña, a ... de ... de

REUNIDOS

- D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico-artístico da Deputación Provincial da Coruña,*
- D. José Manuel López Varela, alcalde-presidente do concello da Laracha*
- D. José Muíño Domínguez, alcalde-presidente do concello de Cabana de Bergantiños*
- D. Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde-presidente do concello de Carballo*
- D. José Manuel Pequeño Castro, alcalde-presidente do concello de Dumbría*
- D. José Luis Pérez Añón, alcalde-presidente do concello de Laxe*
- D. Eduardo José Parga Veiga, alcalde-presidente do concello de Malpica de Bergantiños*
- D. Juan José Blanco Riveiro, alcalde-presidente do concello de Mazaricos*
- D. Xosé Lois García Carballido, alcalde-presidente do concello de Ponteceso*
- Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa-presidenta do concello de Vimianzo*
- D. Manuel Muíño Espasandín, alcalde-presidente do concello de Zas*
- D. Juan Carlos García Pose, alcalde-presidente do concello de Coristanco*

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rigidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Pontevedra, Vimianzo e Zas, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

ACORDAN



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en valor do Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio fórmulase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

3. *A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.*

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. *As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio megalítico existente na Costa da Morte, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.*

2. *As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.*

3. *As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.*

4. *Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurárase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.*

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas .

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

3. De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos e constitúe a prorroga do convenio número 62/2018 asinado o 18 de setembro de 2018. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido o dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Sétima.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto será impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo terceira

Oitava.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- c) *Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.*
- d) *Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.*
- e) *Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.*
- f) *Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.*
- g) *Acordar a resolución do presente convenio.*
- h) *Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.*

Novena.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. *Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.*
2. *Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.*

Décima.- Réxime de sesións.

1. *O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.*
2. *En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.*
3. *Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.*

Décimo primeira.- Atribucións da presidencia.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:

- a) *Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.*
- b) *Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.*
- c) *Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.*

Décimo segunda.- Disposicións xerais.

1. *Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.*
2. *Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.*

Décimo terceira.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo cuarta.- Recursos humanos e materiais.

1. *Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.*
2. *Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.*

Décimo quinta.- A separación dalgún membro.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. *Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.*

2. *Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.*

Décimo sexta.- Modificación e resolución.

1. *A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.*

2. *Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:*

- a) *Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.*
- b) *Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.*
- c) *Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.*

3. *O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.*

Décimo sétima.- Entrada en vigor e aplicación.

1. *Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.”

Segundo.- Nomear, de conformidade co establecido na base Sétima, representantes do Concello de Pontevedra no Consello de Dirección ao Sr. Alcalde-presidente D. Xosé Lois García Carballido e á Primeira Tenente de Alcalde D^a. María Noelia Varela Suárez.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a sinatura do Convenio e para levar a cabo as actuacións necesarias en nome e representación do Concello de Pontevedra.”

Non sendo necesario o debate sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (3 do PSOE, 2 do PP e 1 de APIN)

Votos en contra:-----

Abstencións:4 N.A (D^a Raquel Fondo Pérez, D Faustino Santiago Lema, D Salvador Eiroa Ameijenda ,D Jesús Daniel García Cotelos)

Polo que o pleno da Corporación acorda:

Primeiro.- Aprobar o borrador do “**CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE DA LARACHA, CABANA DE BERGANTIÑOS, CARBALLO, CORISTANCO, DUMBRÍA, LAXE, MALPICA DE BERGANTIÑOS, MAZARICOS, PONTECESO, VIMIANZO E ZAS, PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO NA COSTE DE MORTE**”, sendo do seguinte teor literal:

“Na cidade da Coruña, a ... de ... de

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico-artístico da Deputación Provincial da Coruña,

D. José Manuel López Varela, alcalde-presidente do concello da Laracha

D. José Muíño Domínguez, alcalde-presidente do concello de Cabana de Bergantiños

D. Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde-presidente do concello de Carballo

D. José Manuel Pequeño Castro, alcalde-presidente do concello de Dumbría

D. José Luis Pérez Añón, alcalde-presidente do concello de Laxe

D. Eduardo José Parga Veiga, alcalde-presidente do concello de Malpica de Bergantiños

D. Juan José Blanco Riveiro, alcalde-presidente do concello de Mazaricos

D. Xosé Lois García Carballido, alcalde-presidente do concello de Pontevedra

Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa-presidenta do concello de Vimianzo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

D. Manuel Muíño Espasandín, alcalde-presidente do concello de Zas

D. Juan Carlos García Pose, alcalde-presidente do concello de Coristanco

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

ACORDAN

*No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en valor do Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**, de acordo coas seguintes BASES:*

Primeira.- Definición.

*1. Os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.*

2. O presente convenio fórmulase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

3. *A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.*

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. *O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.*

2. *A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.*

3. *A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.*

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. *As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio megalítico existente na Costa da Morte, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.*

2. *As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

3. *As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.*

4. *Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurárase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.*

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. *A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas .*

2. *As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.*

3. *De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.*

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. *As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos e constitúe a prorroga do convenio número 62/2018 asinado o 18 de setembro de 2018. Xa que logo, as entidades asinantes comprométense a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido o dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva.

Sétima.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto será impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.*
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.*

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo terceira

Oitava.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- i) Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- j) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
- k) Aprobación inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- l) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
- m) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- n) Aprobación a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- o) Acordar a resolución do presente convenio.
- p) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Novena.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2. *Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.*

Décima.- Réxime de sesións.

1. *O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.*

2. *En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.*

3. *Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.*

Décimo primeira.- Atribucións da presidencia.

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:

- a) *Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.*
- b) *Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.*
- c) *Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.*

Décimo segunda.- Disposicións xerais.

1. *Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.*

2. *Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Décimo terceira.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo cuarta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo quinta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sexta.- Modificación e resolución.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. *A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.*

2. *Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:*

- a) *Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.*
- b) *Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.*
- c) *Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.*

3. *O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.*

Décimo sétima.- Entrada en vigor e aplicación.

1. *Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.*

2. *O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.”*

Segundo.- *Nomear, de conformidade co establecido na base Sétima, representantes do Concello de Ponteceso no Consello de Dirección ao Sr. Alcalde-presidente D. Xosé Lois García Carballido e á Primeira Tenente de Alcalde D^a. María Noelia Varela Suárez.*

Terceiro.- *Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a sinatura do Convenio e para levar a cabo as actuacións necesarias en nome e representación do Concello de Ponteceso.”*

5. Expediente 2023/X999/000097- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC05CE01SC01-3- NÚM. 1/2023.

Por parte de Alcaldía dase a palabra á Secretaría que procede a dar lectura a proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente na sesión do 22.03.2023:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A resolución de alcaldía núm. 171/2023 de 28 de febreiro aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2022 có seguinte remanente de tesourería para gastos xerais:

1. Fondos líquidos		2.183.689,21
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c)		138.611,90
2.a. Do orzamento corrente	7.520,02	
2.b. De orzamentos pechado	101.038,38	
2.c. De operacións non orzamentarias	30.053,50	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a+3.b+3.c)		445.096,43
3.a. Do orzamento corrente	40.313,70	
3.b. De orzamentos pechados	132.688,55	
3.c. De operacións non orzamentarias	272.094,18	
4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a)		528.212,12
4.a. Cobros realizados pendentes aplicación definitiva	144.245,28	
4.b. Pagos pendentes de aplicación definitiva	672.457,40	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		2.405.416,80
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		79.530,15
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		65.144,16
IV. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		2.260.742,49

O Concello de Ponteceso o 23.05.2012 formalizou o contrato de préstamo número 0049.0889.95.1230000053 por importe de 1.680.624,57 € e cun prazo de amortización de 12 anos, sendo os dous primeiros anos de carencia polo que a primeira cota de amortización de capital non se cargou ata o 29.08.2014.

Con data 02.03.2017 aprobouse pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos (CDGAE) un Acordo polo que se autorizaba a modificación das condicións financeiras que serían de aplicación a determinados concellos que, pola súa situación financeira e os seus problemas de liquidez, presentaban dificultades para afrontar o cumprimento do calendario de vencementos dos préstamos formalizados ata o 2016 con cargo ao Fondo de Ordenación e ao Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagos aos Provedores de Entidades Locais. A modificación das condicións financeiras consistía nun período de carencia adicional para a amortización de principal de tres anos aumentando así mesmo nese mesmo período o prazo de amortización que tiveren das operacións de préstamo formalizadas entre 2012 e 2016 con cargo aos Fondos antes citados. O Pleno do Concello de Ponteceso en sesión do 05.04.2017 acordou solicitar a adhesión á citada medida e a Xunta de Goberno Local en sesión de 07.06.2017 acordou modificar o contrato de préstamo polo que o 13.06.2017 se asina a correspondente addenda en cuxa estipulación segunda se detalla que



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“...entrará en vigor a la fecha de firma y tendrá efectividad “desde la fecha inmediatamente posterior, en la que correspondería pagar la próxima cuota de capital”...”

A resolución de alcaldía núm. 889/2021, de 30 de decembro aprobou a prórroga do exercicio 2020 ao exercicio 2022 sendo que o crédito consignado na aplicación 2022.011.911.00 resultou insuficiente para atender correspondente cota de amortización, motivo pola cal quedaron 173.347,78 € pendentes de aplicar ao citado orzamento os cales figuran na conta 555 “Pagos pendentes de aplicación” a data 31.12.2022. Do mesmo xeito, a resolución de alcaldía núm. 1085/2022, de 29 de decembro aprobou a prórroga do exercicio 2020 ao exercicio 2023 sendo que o crédito consignado na aplicación 2023.011.911.00 é insuficiente para atender a cota de amortización prevista para a anualidade 2023 (176.673,88 €)

Asemade, o Concello de Ponteceso tivo que acollerse, obrigatoriamente, ao mecanismo previsto na DA94ª da Lei 22/2021, de 28 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 ao obxecto de financiar a cancelación das obrigacións pendentes de pago a provedores que cumprisen os requisitos previstos na citada Disposición. Dado que o concello de Ponteceso non aprobou Plan de Axuste, non se concertou operación de endebedamento en sentido estrito máis, contablemente os fondos transferidos polo ICO directamente aos provedores incluídos neste mecanismo, deben tratarse como tal. A tal efecto, no exercicio 2022 deuse de alta o préstamo 2022 / 1 / DA94 por importe de 491.833,14 € o cal será obxecto de devolución vía retención na entrega a conta mensual do PIE a partires do mes de xullo 2023 aplicándose o réxime previsto na DA4ª do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLFL e que concreta o artigo 117 da Lei 31/2022 de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (*O importe da retención será o 50 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega a conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade*). Para poder cumprir coas amortizacións previstas para o exercicio 2023 é procedente dotar a aplicación orzamentaria 2023.011.911.00 con 245.916,57 €,

Por outra banda, o 13.03.2023 ditei providencias de inicio de expedientes extraxudiciais número 1/2023 e 2/2023 por importes, respectivamente de 931.488,10 € e de 182.188,60 €.

O artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais establece que, cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o Presidente da Corporación ordenará a incoación dun



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

Dita modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior; con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no presuposto corrente; ou ben, anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do presuposto nas que as súas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo respectivo. Tamén poderá financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito nos casos previstos no art. 36.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía estima procedente tramitar un expediente de modificación de créditos por crédito extraordinario e por suplemento de créditos no que os seus recursos se nutrirán có remanente de tesourería derivado da liquidación do exercicio 2022 aprobada por resolución de alcaldía núm. 171/2023 de 28 de febreiro

Polo anterior, o 13.03.2023 dispuxen o inicio do expediente de modificación de crédito número mc05ce01sc01-23 có detalle que consta na memoria de alcaldía da mesma data.

A interventora informou favorablemente o 13.03.2023

Por todo o anterior, **PROPOÑO** ao Pleno:

1.-A aprobación inicial da modificación de crédito expediente nº mc05ce01sc01-23 segundo se indica:

1.1.- CRÉDITOS NECESARIOS.

Programa	Economica	Crédito antes de mc05ce01sc01-23	Modificación proposta	Crédito total resultante
011	91100	90.000,00	505.938,23	595938,23
132	22103	3300,00	236,6	3536,6
135	21400	3000,00	458,47	3458,47
135	22103	1500,00	1140,89	2640,89
135	22104	0,00	174,48	174,48
135	22105	0,00	400,99	400,99
135	22400	600,00	1200,44	1800,44
135	22601	0,00	13,3	13,3
135	22699	1000,00	2408,79	3408,79



Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

136	21400	6000,00	312,91	6312,91
136	22100	0,00	1448,4	1448,4
136	22102	1000,00	22,4	1022,4
136	22103	3000,00	1626,84	4626,84
136	22104	3278,61	13920,08	17198,69
136	22105	0,00	268,8	268,8
136	22200	0,00	97,03	97,03
136	22699	1200,00	814,69	2014,69
150	21300	600,00	342,68	942,68
150	21400	3000,00	1078,45	4078,45
150	22100	0,00	268,66	268,66
150	22103	9500,00	4187,01	13687,01
150	22104	0,00	336,86	336,86
150	22400	0,00	743,61	743,61
150*	22501*	3300,00	125,09	3425,09
150	22699	6000,00	16778,85	22778,85
150	22706	0,00	18805,22	18805,22
150	22799	0,00	11309,4	11309,4
150	62300	0,00	2953,59	2953,59
150	62505	0,00	4154,08	4154,08
160	22100	20000,00	17015,38	37015,38
160	22103	0,00	2559,98	2559,98
160	22501	3000,00	1915,6	4915,6
160	22799	90000,00	196467,55	286467,55
161	22100	10000,00	410,32	10410,32
161	22501	600,00	6020,74	6620,74
161	22706	400000,00	483,98	400483,98
161	61900	0,00	8169,46	8169,46
161	62900	0,00	47105,54	47105,54
163	22799	20000,00	2544,08	22544,08
165	21300	10000,00	12199,7	22199,7
165	21400	10000,00	306,33	10306,33
165	22100	110746,57	142146,06	252892,63
165	22103	3000,00	944,71	3944,71
165	22699	2000,00	37,51	2037,51



Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

165	22706	0,00	2217,26	2217,26
170	22799	0,00	3230,7	3230,7
171	21300	4000,00	1109,42	5109,42
171	22103	600,00	1022,94	1622,94
171	22799	20000,00	2250,6	22250,6
171	62300	0,00	350	350
231	22106	0,00	302,5	302,5
231	22699	600,00	1079,32	1679,32
231	22799	350983,81	72893,63	423877,44
231	45000	4000,00	5254,44	9254,44
231	48900	0,00	359,01	359,01
311	20300	0,00	544,5	544,5
311	22706	0,00	2084,86	2084,86
311	22799	7000,00	9724,44	16724,44
323	21300	3000,00	4220,95	7220,95
323	22100	20000,00	21687,41	41687,41
323	22105	0,00	131,61	131,61
323	22110	2000,00	891,12	2891,12
323	22602	0,00	21,18	21,18
323	22699	1000,00	12520,09	13520,09
323	22706	0,00	2835,12	2835,12
323	22799	1000,00	2129,6	3129,6
324	22104	0,00	387,2	387,2
326	21300	3000,00	3203,83	6203,83
326	22100	10000,00	9087,17	19087,17
326	22102	0,00	277,87	277,87
326	22103	4000,00	1060	5060
326	46700	36000,00	18000	54000
326	62500	0,00	287,98	287,98
333	21300	3000,00	1139,85	4139,85
333	22100	3000,00	906,4	3906,4
333	22105	0,00	138,6	138,6
333	22199	0,00	429,55	429,55
333	22601	0,00	450	450
333	22699	0,00	42,35	42,35



Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

333	22706	0,00	1970,13	1970,13
334	21300	0,00	1727,77	1727,77
334	22104	0,00	30,49	30,49
334	22105	0,00	340	340
334	22601	0,00	100	100
334	22602	1000,00	151,25	1151,25
334	22699	10000,00	11784,3	21784,3
334	22799	40000,00	3544,39	43544,39
337	21300	0,00	372,98	372,98
337	22100	0,00	2489,11	2489,11
338	20500	0,00	19451	19451
338	22602	2000,00	1058,75	3058,75
338	22699	1000,00	3140,06	4140,06
338	22706	0,00	1524,6	1524,6
338	22799	0,00	13198,08	13198,08
341	22105	0,00	1785,04	1785,04
341	22602	3000,00	72,6	3072,6
341	22699	6000,00	1136,8	7136,8
341	22799	20000,00	5301,15	25301,15
342	21300	1000,00	4090,49	5090,49
342	22100	15000,00	29751,38	44751,38
342	22699	0,00	248,05	248,05
342	61900	0,00	41750,7	41750,7
342	62300	0,00	1149,5	1149,5
430	22104	0,00	1856,14	1856,14
430	22105	0,00	250	250
430	22601	0,00	285,08	285,08
430	22602	0,00	551,95	551,95
430	22699	0,00	60,5	60,5
432	22105	0,00	775,2	775,2
432	22602	0,00	847	847
452	61900	0,00	3085,5	3085,5
491	22699	1500,00	1536,22	3036,22
912	22602	1000,00	6423,09	7423,09
920	16205	6729,13	1380,45	8109,58



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

920	21300	7000,00	6243,93	13243,93
920	22001	5000,00	298	5298
920	22100	8000,00	5872,2	13872,2
920	22106	0,00	136,13	136,13
920	22200	15000,00	40578,11	55578,11
920	22201	3500,00	702,22	4202,22
920	22400	20000,00	8505,19	28505,19
920	22602	0,00	2274,8	2274,8
920	22604	30000,00	4719	34719
920	22699	1000,00	2801,68	3801,68
920	22706	29000,00	726	29726
920	22799	8000,00	8107	16107
920	62500	0,00	435,6	435,6
1531	21300	2000,00	2244,24	4244,24
1531	21400	10000,00	7270,34	17270,34
1531	22103	10000,00	5273,45	15273,45
1531	22706	0,00	1463,31	1463,31
1532	22706	20000,00	30948,61	50948,61
1532	61900	0,00	52619,94	52619,94
1621	21400	3000,00	229,72	3229,72
1621	62500	0,00	3161,28	3161,28
1623	22799	105000,00	56000,51	161000,51
1720	22602	0,00	469,48	469,48
1721	22104	0,00	2488,67	2488,67
3321	21300	0,00	206,29	206,29
TOTAL			1.619.160,73	

150.225.01*: se suprimen, 454,20 € con respecto ao importe que consta na providencia e memoria de alcaldía con motivo da compensación acordada por ATRIGA (núm. de rexistro de entrada 202200000000525 de 21.04.2022)

1.2.- RECURSOS.

Tal como se mencionou anteriormente, os recursos desta modificación de crédito proceden do remanente de tesourería derivado da liquidación do exercicio 2022 aprobada por resolución de alcaldía núm. 171/2023 de 28 de febreiro



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Concepto orzamentario	Previsión antes de mc05ce01sc01-23	Aumento que se propón	Total previsión resultante
870.00	0,00	1.619.160,73	1.619.160,73
TOTAIS	TOTAL	1.619.160,73	

RESUMO

Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais	1.619.160,73
Procedente de novos ou maiores ingresos no Presuposto corrente	0,00
Por baixas por anulación parcial ou total doutras partidas no Presuposto	0,00
Procedente de operación de crédito	0,00

IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACION..... 1.619.160,73

2.- Continuar a tramitación do expediente, inserindo o edito correspondente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, en datas iguais, para que no prazo de quince días hábiles as persoas interesadas poidan presentar reclamacións.

3.- No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederase á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

4.- No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveraas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederase como se indicou no parágrafo anterior.”

Por parte da Presidencia faise unha breve explicación, dicindo que se trata de poñer ao día a contabilidade municipal e o recoñecemento dunhas facturas, as cales ,a maior parte, foron aboadas aos seus acreedores o ano pasado.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Continúa dicindo que o ano pasado o Concello tivo un 1.200.000 euros máis de ingresos que de gastos, ademais que este ano temos dous millóns e medio de euros de remanente de tesourería.

Tendo en conta o anterior e que aínda queda por liquidar o canon pola explotación do parque eólico de Brantuas por máis de 200.000 o cal incrementará a contía de ingresos e tendo en conta que levamos 9 anos sen incrementar as taxas, consideramos que esta modificación vai ser positiva para deixar de figurar como morosos ante o estado. Reitera que a situación económica do Concello é inmellorable, dado que o Concello non fixo ningunha subida de taxas e non fixo ningunha modificación de crédito nin ningún REC no ano 2022.

De seguido toma a palabra a voceira do PP, Sra Carrillo Aguiar, que indica que o Concello de Ponteceso leva catro ano cuns orzamentos prorrogados , sin crédito axeitado para facer fronte aos gastos xerados, e é esa a razón pola que somete ao pleno modificacións de crédito e REC.

Trátase duns orzamentos inflados que no seu día aprobaron os seus compañeiros ,agora non adscritos, polo que deben ser eles os que aproben estas modificacións.

Por outro lado indícalle que si que trouxo modificacións de crédito o ano pasado, e respecto da contía do Remanente a mesma non é real, dado que nos informes de intervención indícase que a mesma se reduce, polo que está mentindo.

Está aquí por non traer uns orzamento adecuados e reais, pola a súa mala xestión e por estar prorrogando ano tras ano eses orzamentos.

Toma a palabra o voceiro de APIN, Sr Pose Verdes , que indica que os orzamentos cando se prorrogan hai unha parte que non se pode prorrogar , e esta é a do capítulo de inversións, polo que as inversión do ano 2020, aínda que non se fixeran, os seus importes non se poden prorrogar, polo que creo que está manipulando.

No que respecta ao tema do superávit, indica que vostede leva 4 anos sin facer nada, e aínda fastidiaría que tivese saldo negativo.

Por outra banda indica que hai unha factura para o pago dun abogado que lle preocupa bastante, posto que é para o tema do Kiosco que se entregou sin ningún tipo de informe, sen ter coñecemento Secretaría e Intervención, e aínda por encima pide un informe externo por un importe de 1.500 euros no que se conclúe que non se pode



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

entender que se trate dun kiosco. Continúa dicindo que están as as facturas das festas e o que non pode ser é que o Sr Alcalde vaia dicindo por ahí que esto fágocho eu , sen ningún tipo de orde. Indica que é mentira que fixera un gran esforzo económico, porque aínda das facturas pagadas , existen sobre seiscentos e pico mil euros pendentes, polo que o que non pode pretender é que nos lle digamos que o fixo moi ben e que por riba lle votemos a favor destes gastos.

Menciona para finalizar a factura do alumeado de Nadal, por un importe de 60.000 euros que a día de hoxe non se sabe nada. Finaliza que podería votar a favor, pero que mellor se abstén porque igual lle ven unha do revés.

O Sr Alcalde preguntalle á voceira do PP o sentido do voto e a Sra Carrillo indica que non van votar en contra da legalidade, e que saberá o sentido no seu momento.

Toma de novo a palabra o Sr Alcalde dicindo que o Concello leva 3 anos, a pesar de perder o POS un ano, nin poder facer modificacións de crédito , de perderse unha subvención para o alumedado por 2 millóns de euros, da propia inflación, o Concello seguiu sumando remanente, ingresouse 6.200.000 e gastáronse 5 millóns. Se se fixo algo ou nada valorarano os veciños de Ponteceso. Somos un dos poucos de goberno sin adicacións, pero somos referentes en moitas políticas como o arrendamento con opción a compra nas naves do polígono, a saúde da xente, as vilas en flor, ter socorristas en todas as prais cunha moto acuática.

Ademáis respecto dos orzamentos inflados, un pode inflar os orzamentos pero a liquidación está ahí...habendo 1.200.000 euros de superávit.

Levamos tres anos seguidos de superávit, e respecto da festa da Xolda do cocido o coste da carpa foi moito menos, o que pasa se comprou focos, trifásicos, que están en posesión do concello e serven para colaborar con todos os eventos.

Continúa dicindo que había unha sentenza para o derribo dun edificio en Corme, e non chegaba un millón de euros non chegaba.

Fai referencia as obras do pinguel e do Cairo, e indica que Calfensa fixo nunhas condicións moi complicadas, e indica que non hai ningún pago mensual a Calfensa.

Indica que a lexislatura está a punto de rematar, e serán os veciños o que o valoren, e habería máis se houbera acordos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Reitera que tendo un remanente de dous millóns de euros, simplemente necesitan máis votos positivos que negativos para que a xente cobre, aínda que quedando dous meses de lexislatura están seguros de que van a cobrar, dado que a xente quere que os autónomos cobren. Continúa dicindo que ano pasado non se aprobou un extraxudicial e ningunha modificación de pleno.

O Concello fixo cousas e seguirá facendo cousas, temos un plan de emprego social, deporte gratis 19 horas ó día , 7 días á semana, unha biblioteca dixital de 17.000 títulos, simplemente facemos as cousas doutra maneira, non só asfalto, pero necesitamos apoios, unha abstención non chega.

Na segunda rolda de intervencións, o voceiro de APIN , Sr Pose Verdes di que o problema de que vostede non poda facer máis non é culpa nin de Marco nin miña , nin das compañeiras do PP, é súa porque dinamitou o goberno que tiña cos non adscritos. Respecto do que o Alcalde está sin cobrar, indícalle que cobraba o mesmo que de profesor, solo que vostede non lle ghegaba e renunciou.

Falou de moitas cousas , como vilas en flor, para o que hai que pagar para que che dean o título ou do plan de emprego social que se fixo grazas aos 200.000 euros que gastaba no equipo de goberno, ou o abastecemento de Langueirón que se fixo por a nosa iniciativa.

En tema social hai concellos que gastan o triple e en teoría son do Partido popular.

Finaliza dicindo que neste punto non se vai mollar e que o seu voto vai ser unha abstención, esperando que nas próximas eleccións non teña a posibilidade de gobernar.

Por parte da voceira do PP, Sra Carrilo Aguiar indícalle o Sr Alcalde que a auga de Langeuirón foi unha iniciativa da oposición, que se cobra ou non iso é algo persoal e non é de interese de ninguén. Respecto dos socorristas o Concello de Pontevedra sempre tivo máis de 3. Non é certo que sexamos a envexa doutros concellos, dado que moita xente vai á extraescolares a outros concellos. Respecto das vilas en flor , hai facturas, polo que é algo que está mercado.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Finaliza dicindo que non está en contra de que se fagan obras, pero reitera que no seu día pedíuse un informe dunha sentenza xudicial que establece un pago de 60 cuotas de 1.800 euros , e foi esa empresa a que fixo arranxo do céspede.

Engade que non vai ir en contra dos reparos de intervención.

O voceiro de APIN , no turno de réplica indica que no concepto da factura da festa do cocido da Xolda di instalación carpa do cocido por 1.500 euros, que él non ten culpa se o poñen mal.

O Alcalde responde que foron moitos focos e hora para poñer a instalación, pero que aínda que está a favor de axudar as asociacións eso hai que regulalo.

Finalizado o debate sométese a votación o ditame, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 PSOE

Votos en contra: 4 N.A (Sra. Raquel Fondo Pérez, Sr Faustino Santiago Lema, Sr Salvador Eiroa Ameijenda e Sr Jesús Daniel García Cotelo).

Abstencións: 2 PP e 1 APIN

Polo que o ditame non resulta aprobado . Por parte do Sr Alcalde visto que este punto non obtivo a maioría necesaria retira da orde do día os puntos 6 , 7 e 8

PARTE CONTROL

9.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE A NÚMERO 113/2023 ATA A NÚM. 220/2023.

Os concelleiros dasen por enterados

10.-Expd 2023/X999/000081. Dación de conta da liquidación

Os concelleiros dasen por enterados.

11.- Dación de conta da documentación referente ao Fogóns de Anllóns

Os concelleiros dasen por enterados.

12 Mocións

Por parte do PP preséntase unha moción de urxencia, que procede a ler a voceira Carrillo Aguiar:

"MOCIÓN DE APOIO AO DEPORTE FEMININO



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos tempos estamos a ver como se está incrementando o interese por parte do sector feminino polos deportes como por exemplo, no fútbol no que as nosas xogadoras de ámbolos dous equipos están a deixar o pavillón alto e en tiro con arco no que dúas pontecesáns quedaron entre as 17 primeiras na categoría individual do Campionato de España.

Cremos que o Goberno Municipal debería involucrarse máis para incentivar e incrementar o interese por outras disciplinas deportivas, dándolle ás xa existentes máis visibilidade, axudas económicas para o fomento dos deportes dende a base (pre-benxamís ata seniors) e construción de novas instalacións e mellora das actuáis; polo exposto anteriormente, queremos facer un chamamento aos representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, instando ao Pleno de Ponteceso, a adoptar os seguintes acordos:

- 1. Instar ao Goberno Municipal a incentivar e incrementar as axudas que sexan necesarias para que haxa representación feminina en máis deportes e nos que xa hai que se vexa incrementada.*
- 2. Instar ao Goberno Municipal a dotar da equipación e infraestruturas necesarias para a practicaxe deses deportes.”*

Sométese en primeiro lugar a votación a súa inclusón na orde do día, sendo aprobada por unanimidade. De seguido comeza o debate no que o Sr Alcade indica que non tíñan constancia desta moción , pero o Concello de Ponteceso tamén é nesta materia un referente porque quíxose facer unha exhibición de apoio e dándolle a palabra as deportistas no mes de marzo, polo que o equipo de goberno está totalmente dacordo.

Non sendo necesario máis intervencións, sométese a votación , acadando o seguinte resultado

Votos a favor:10, polo que a moción apróbbase por unanimidade.

13 ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

Por parte do Sr Alcalde, dase a palabra á Sra. Carrillo :

1ª- Fixo vostede solicitude ao arzobispado de Santiago, en caso de ter que facelo, para realizar a obra que anunciou na prensa por o local da Escola de Pazos? Non



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

creo Sr Alcalde que en vez de gastar diñeiro público nun edificio privado era mellor facer unha oferta pola escola, a casa do cura e os terreos adxuntos para uso público?

O Alcalde contesta que dentro dos obxectivos do FCA está a rehabilitación enerxética. Hai tempo que queríamos mellorar a Escola de Pazos, xa que forma parte do Centro Rural Agrupado “ Nosa Señora do Faro”, sendo un centro educativo referente a nivel España. Tamén no local de abaixo se notas os problemas derivados da falta de inversión, polo que consideraron axeitado facer esa solicitude.

Indica que teñen unha relación fluída co arzobispado e di que están en conversas para conseguir utilizar como aparcamento o adro da igrexa de Pazos e o mesmo noutros emprazamentos do Concello. Antes de facer a obra farase o que establecen os informes de secretaría e intervención.

Pola voceira matízase que ela preguntou se non era millor que se comprara e non deixar de gastar o diñeiro público nun edificio privado, ademais que se nalgún momento esas relacións co clero non son tan fluídas Pazos queda sin local social, dado que non é municipal, polo que reitero a pregunta.

O Alcalde indica que ese punto de vista é interesante, e pon como exemplo do MACMO que nestes momentos é un edificio municipal. Se aplicamos esa postura ao reitoral do Couto, ahí hai máis dun millón de euros invertidos, e dentro de 14 anos remata o convenio coa igrexa.

Pero co se fixo en Pazos , eso sempre é positivo para os veciños, dado que é algo que piden os usuarios de arriba e de abaixo.

2ª Vai vostede facerse cargo do autobús para excursión de fin de curso de sexto de primaria de Ponteceso, tal como lles prometeu? E se a resposta é positiva de que orzamentos vai sacar a partida?

O Sr Alcalde contesta dicindo que os pais e nais de alumnos manifestaron nunha reunión o seu interese por unha viaxe educativa dende o punto de vista educativo; o Concello estaba interesado e fíxose unha proposta para que se trataran temas como a prevención do sedentarismo, coa prevención das adicións as novas tecnoloxías, polo que se comprometeu a facer a inversión nese autobús e tamén a poñerse en contacto cunha asociación que se chama Vieiro, co que se está perfilando un programa educativo para todos alumnos de primaria do Concello, onde eles e elas poidan ser os protagonistas nesa tarefa de prevención.

Tamén se propuxo que a pista ao lado do colexio se poida abrir, para que os menores de 16 poidan usala.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A voceira do PP indica que o que lle indican e que é unha excursión de fin de curso, que lle prometeu autobús e o 12 de maio marchan de viaxe e non teñen resposta, cando faltan só 15 días.

O Sr Alcalde indica que a palabra do Alcalde vale máis que a súa firma. Aquí aceptábase a viaxe, pero pedíase colaboración para facer esta acción educativa relacionada coa prevención e reflexión sobre o mal uso das novas tecnoloxías. Así o 23 de marzo recibín unha proposta desa asociación e o 24 de marzo contestouse.

PREGUNTAS DE APIN

En primeiro lugar procede o Sr Alcalde a contestar as preguntas do pleno anterior:

1ª. O contrato do novo ximnasio por importe de 14.999,80 euros, ao cal se presentan dous orzamentos porque a terceira empresa non presentou. Tiña o alcalde tanta presa en abrir despois de telo papando moscas? Esta instalación abre sen ninguén que controle denteo, dáse conta do risco se a algún usuario lle pasa algo?

O Sr Alcalde contesta que si que tiña moita presa, dado que para o equipo de goberno a saúde é o máis importante. Di que hai trinta concellos de Galicia que están a toda presa encargando unha sala de exercicios coma de Ponteceso.(Cabana, Zas, Malpica...) O Sr Pose Verdes replica que leva catro anos feita.

Esto non é algo illado, que a xente poida vir a Ponteceso 7 días á semana, 19 horas ao día gratis, dado que se propuxo ao SERGAS meter a Ponteceso nun plan de saúde local. Así houbo unha charla no Couto por parte da nutricionista do centro médico de Ponteceso e estaba cheo.

Respecto do control hai cámaras arriba e abaixo, estando avisado con carteis adecuados segundo a Lei de protección de datos, ademáis é unha sala cardioprotexida, pero si que hai unha recomendación clara que indica que se debe ir acompañado.

Polo voceiro de APIN reitérase que esa sala estaba feita hai catro anos.

2ª. Secretaría e Intervención informan desfavorablemente as bases de estabilización, aprobadas por Decreto 466/2022. Xa sabe que se chegou a un acordo cos sindicatos, pero que pasa se chega un recurso?

O Sr Alcalde indica que o equipo técnico do Concello fixo un traballo inmenso para ter as bases en prazo, cando hai outros concellos que aínda non fixeron nada.

Se hai algún recurso, é un dereito, pero defenderémonos dado que é un acordo de varias asociacións sindicais.

O voceiro de APIN di que nas bases valórase con x os servizos prestados no Concello de Ponteceso e os traballos similares noutros concellos teñen esa valoración x/10.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Alcalde di que non vai a preconcluir cando aínda non se rematou o proceso,pero si que adianto que Ponteceso é o Concello con máis solicitudes de todos, dado que se abriu o emprego a todo mundo creando bolsas de emprego e garantindo a mobilidade.

3ª. Nos decretos de Alcaldía de aprobación de facturas hai unha de data 07-01-2023 por arranxo do tractor do concello. Pregunta se agora o ten a empresa adxudicataria do desbroce ou o concello e advirte que hai unha morea de facturas recentes deste tractor.

O Alcalde explica que se consulta o perfil de contratante hai un período de desbroce , no que entraría o tractorista municipal para traballar para a empresa adxudicataria, polo que é a empresa a que xestiona o tema do conductor e do tractor.

O Sr Pose Verdes matiza que se agora non estamos en temporada de desbroce non fai falla tanto tractor e non fai falla cambiarlle as pezas, entende que si contratou o desbroce por dous anos, os mesmos teranse que facer durante a época que máis medre a herba.

Responde o Sr Alcalde que na época estival , dende abril ata novembro a herba dispárase, e non se logra cun único tractor.

Sr Pose Verde di que no pregunta eso e que a licitación é por dous anos completos, polo que non ten que pagarse facturas de arranxo a un tractor durante esta temporada.

Desvirtúase a pregunta ao abrir un debate sobre os contratos licitados ou non.

Por parte do voceiro de APIN, procédese a formular novas preguntas, que serán constestadas no vindeiro PLENO:

1.-Na dación de contas da liquidación fala dun superávit de 1.100.000 e un Remanente de tesourería para gastos xerais de 2.200.000, o que non comentou foi os dous informe de intervención e secretaría que indican que 1.600.000 para pagar facturas e e préstamos polo que non se pode facer ningunha obra.

O Alcalde insiste que faga a pregunta e o Sr Pose Verdes indica que está a formular cuns antecedentes. O Alcalde insiste que diga a pregunta se non retíralle a palabra, dado que o ROM é o Alcalde quen a fai cumprir.Ao final o Sr Pose Verde non remata a formulación da pregunta.

PREGUNTAS DE SALVADOR EIROA AMEIJENDA:

1.- Se este é o último pleno, ¿cando vai responder ás preguntas?



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2.- Se hai cámaras no ximnasio , ¿quen controla as cámaras no ximnasio? ¿gústalle ver as malla apretadas?.

O Sr alcalde chamao a orde por primeira vez , e indícalle que retire alusións impropias dun pleno.

3.- Unha carpa de 5.600 para o cocido en Cores, mentre que en Anllón tívose que pagar todo, sen ter nada de colaboración por parte do Concello.¿ Por qué hai esa diferenza?Será porque ¿eu estou en Anllóns e Noelia está en Cores?

ROGOS DO PP.

1.- Pido que se lle leve a auga á casa reitoral de Tallo, que unha familia está agardando para poder vivir alí dende xaneiro.

2.- Queremos dar as grazas ás persoas que nos brindaron apoio e axudaron neste ano e medio no que, co apoio incondicional da miña compañeira Ana Vecino, asumimos levar por mellor camiño na toma de decisións no Pleno ao partido que representamos.

Todo un reto que afrontamos con ilusión e recelo por defender os intereses do noso Concello, que foi sempre o motor que nos impulsou, deixando a un lado opinións e razóns persoais. Recelo ante o circo montado por un individuo que, apoiado e axudado por outros compoñentes desta Corporación, con ataques irracionais e descalificatorios hacia nós para menoscabar a nosa imaxe pública como concelleiras e así lapidar as nosas decisións tomadas nos plenos en favor do pobo.

Non quixemos presentarnos ca nova candidatura do PP de Ponteceso porque non compartimos os mesmos valores e ideais sendo por iso que o fixemos público.

Quero rogar aos Sres. Candidatos nas vindeiras eleccións dialoguen máis e que non volvamos a presenciar neste Pleno esperpénticos espectáculos como nesta lexislatura.

Rogo que fagan propostas de interese para todos como por exemplo: fixar poboación no Concello, facer vivendas sociais, que se licite o ciclo da au que despois de oito anos segue en precario, que se aproveite máis o Plan Xeral (PXOM), unha auditoría... Non fagan como o candidato do PP de Ponteceso que a súa proposta estrela é a de cubrir a pista de pádel para así non mollarse cando vaia xogar.

Tamén hai quenes están prometendo un centro de día e gustaríanos saber con que diñeiro xa que non hai axudas para tal fin e non sabemos si as haberá. Unha oportunidade que tirou o Sr. Alcalde o non solicitar a subvención que si fixeron outros concellos de Bergantiños,el preferiu apoiar un privado e do que nunca máis volvemos saber.

Unha lexislatura perdida sería o resumo destes catro anos de desgobierno municipal, despilfarro sen control, orzamentos irrealis e inflados prorrogados ano tras ano, créditos...Reflexo dunha nefasta xestión que vai deixar o Concello de Ponteceso con maior débeda da que xa tiñamos.

Deséxolles aos Sres. Candidatos sorte, a uns máis que outros.

“Os tempos son chegados



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*dos bardos das idades
que as vosas vaguedades
cumprindo fin terán “
Eduardo Pondal*

Toma a palabra o Sr Alcalde, que inicia a súa exposición dicindo que non ten moito encaixe na figura de rogo, pero de todos modos no eido persoal deséxalle toda a sorte do mundo a todos concelleiros e concelleiras da corporación, pero que o que non vai facer é tolerar as mentiras.

A Xunta licitou o proxecto para a construción dunha residencia a en Ribeira, os veciños de Ponteceso non somos menos.

Nos hai cinco anos vimos á Conselleira e dixémoslle que tiñamos un terreo moi bo para unha residencia de maiores en Ponteceso, e gústanos o modelo da escola infantil, no que o Concello cede o terreo e colabora no mantemento, pero sendo un centro público xestionado, equipado e co persoal da Xunta.

A resposta da Consellería foi que non se ía facer ningunha residencia pública fora das 7 cidades, pero despois aparece eses anuncio en Ribeira, e Ponteceso ten o mesmo dereito e non a través de subvencións que son dardos envenenados.

Como dixó o actual Ministro de Sanidade, José Miñones, a Xunta para que pide competencias se despois non as exerce?

O equipo non se rinde dado que está en licitación o abastecemento de langueirón, as naves con opción a compra, se está aprobado as sendas de Lestimoño.

Imos conseguir un aparcamento disuasoria, a ponte de Xabarido, pero para eso hai que conseguir acordos.

Pero o Concello ten 2.200.000 de remanente, e aínda que fixo un testamento moi bonito tiña que dicir equivoqueime en aprobar o POS.

Por alusión, a voceira do PP dille que dos apoios posteriores non di nada, ou do POS complementario, ou de como potenciou unha residencia privada e non pública, cousa que si fixeron Malpica e Cabana.

Toma a palabra o Sr Alcalde e di que o polígono de Tella nada máis chegar baixouse o IBI o 95 %, ou recorda as vivendas sociais, ou solicitudes do plan de vivenda estatal.

O Alcalde levanta a sesión dado que esto está fora xa de toda orde do día



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte e un e corenta e sete minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

A Secretaria

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo; Antía Pena Dorado